# Programación do módulo de Proxecto Acondicionamento Físico

## CIFP FONTECARMOA

## Curso: 2024 - 2025

## Ciclo formativo

| Familia profesional | Ciclo formativo | Grao | Réxime | Modalidade |
|---|---|---|---|---|
| Actividades Físicas e Deportivas | Acondicionamento físico | Superior | Ordinario | |

## Profesorado participante

| | |
|---|---|
| **Titor/a** | MARIA CONCEPCIÓN PÉREZ ALONSO |
| **Profesora** | LUIS GARRIGÓS VILLALBA |
| **Profesora** | FLORINDA DIVINA CACHEIRO LADO |
| **Profesora** | MARIA SUAREZ ALVAREZ |

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CIFP Centros Integrados Formación Profesional

# Índice


1 Introdución e contextualización 3

2 Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo 4

3 Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación 4

4 Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado 10

5 Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado 11

6 Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final 15

7 Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación 16

8 Procedementos para avaliar a propia programación 19

9 Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado 20

# 1 Introdución e contextualización

Este módulo profesional complementa a formación establecida para o resto dos módulos profesionais que integran o título nas funcións de análise do contexto, deseño do proxecto e organización da execución. A función de análises do contexto abrangue as subfuncións de compilación de información sobre oferta de actividades de acondicionamento físico no contorno de referencia, identificación de necesidades e estudo de viabilidade.

A súa finalidade é a integración das distintas competencias e coñecementos do currículo do ciclo formativo polo que o alumno deberá realizar un proxecto que incorpore as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas coa titulación. As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no sector do fitness

A función de deseño do proxecto ten como obxectivo establecer as liñas xerais para dar resposta ás necesidades presentadas, concretando os aspectos salientables para a súa realización. Inclúe as subfuncións de definición do proxecto, planificación da intervención e elaboración da documentación. A función de organización da execución abrangue as subfuncións de programación de actividades, xestión de recursos e supervisión de la intervención.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións desenvólvense no sector do fitness. Fomentaranse e valoraranse a creatividade, o espírito crítico e a capacidade de innovación nos procesos realizados, así como a adaptación da formación recibida en supostos laborais e en novas situacións.

O equipo docente exercerá a titoría das seguintes fases de realización do traballo, que se realizarán fundamentalmente de xeito non presencial: estudo das necesidades do sector produtivo, deseño, planificación e seguimento da execución do proxecto. A exposición do informe, que realizará todo o alumnado, é parte esencial do proceso de avaliación e defenderase ante o equipo docente. Polas súas propias características, a formación do módulo relaciónase con todos os obxectivos xerais do ciclo e con todas as competencias profesionais, persoais e sociais, bardante no relativo á posta en práctica de diversos aspectos da intervención deseñada.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas con:

– Execución de traballos en equipo.

– Responsabilidade e autoavaliación do traballo realizado.

– Autonomía e iniciativa persoal.

_ Uso das TICs

# 2 Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo

**As especificacións sobre as características do módulo están relacionadas** :

- Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
- Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
- Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.
- Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.

# 3 Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación

**3.1.- Resultados de aprendizaxe**

- **RA1.** Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.
- **RA2.** Deseña proxectos relacionados coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.
- **RA3**. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.
- **RA4**. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.
- **RA5**. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.

**3.2 .-Criterios de avaliación**

– CA1.1. Clasificáronse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.

– CA1.2. Caracterizáronse as empresas tipo e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.

– CA1.3. Identificáronse as necesidades máis demandadas ás empresas.

– CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.

– CA1.5. Identificouse o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.

– CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.

– CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.

– CA1.8. Identificáronse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.

– CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.

– CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.

– CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.

– CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.

– CA2.4. Establecéronse os obxectivos procurados e identificouse o seu alcance.

– CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.

– CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.

– CA2.7. Identificáronse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.

– CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.

– CA2.9. Identificáronse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.

– CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.

– CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.

– CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.

– CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

– CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e definiuse o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.

– CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.

– CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.

– CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.

– CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.

– CA4.2. Definíronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.

– CA4.3. Definiuse o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.

– CA4.4. Definiuse o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.

– CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.

– CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.

– CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.

– CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.

– CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.

– CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.

– CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.

– CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.

– CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.

– CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.

– CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.

– CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.

– CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados

### 3.3.-Instrumentos de avaliación

A avaliación deste módulo profesional estará condicionada á avaliación positiva do resto dos módulos profesionais do ciclo formativo, incluída a Formación nos centros de traballo.

**A avaliación constará de dúas partes:**

- 1ª parte : Corrección e valoración do proxecto por parte do equipo docente cun valor do 50% da nota final atendendo a una rubrica.
- 2ª parte: Presentación e defensa do proxecto perante o equipo docente cun valor do 50% da nota final. La valoración da presentación se levará a cabo mediante una folla de rubricas atendendo ao guión plantexado.

O alumnado deberá entregalo, quince días antes da sesión ordinaria de Avaliación Final .

O alumnado desenvolverá o proxecto individualmente.

Os proxectos que se desenvolverán enmarcaranse nunha das seguintes modalidades:

- Proxecto de investigación experimental: o alumno realiza un proxecto de investigación experimental, produción dun obxecto de desenvolvemento tecnolóxico ou aplicado.
- Proxecto de xestión: Neste tipo de proxectos o alumno pode realizar a análise ou elaboración de proxectos de investigación e desenvolvemento, a posta en marcha dun proceso ou a realización de estudos de viabilidade e comercialización.
- Proxecto bibliográfico: O proxecto bibliográfico vai dirixido á avaliación crítica dunha serie de traballos artigos científicos publicados recentemente sobre unha temática específica relacionada co ciclo formación, ou sobre o progreso histórico ata a actualidade dos conceptos básicos e o seu desenvolvemento e aplicación no campo relacionado co título.

O proxecto debe estar baseado en situacións reais, e requirir unha serie de actividades (lecturas, visitas, estudos, discusións, cálculos, redaccións...) que se estruturan nun plan de traballo individual.

Ademais, debe ter as seguintes características:

- **Significativo**: O traballo proposto ten un significado claro e obxectivos comprensibles para o alumnado.
- **Inclusivo**: No proceso de resolución traballaranse todos os contidos seleccionados.
- **Integrador**: Tanto no proceso de solución como na realización final intégranse os contidos traballados para acadar os obxectivos finais.
- **Proporcionada**: O traballo que supón a elaboración do proxecto debe adecuarse ás características do proxecto.

O titor da FCT e Proxecto de acondicionamento físico, de acordo co calendario entregado ao inicio da FCT, recollerá o proxecto e convocará o alumnado a un acto no que, unha vez realizado e finalizado o módulo de FCT, presentarán os proxectos elaborados ao equipo docente. Previamente o alumno/a presentara o proxecto no formato dixital na aula virtual para a súa avaliación.

A presentación consistirá na exposición do traballo realizado, da metodoloxía, do contido e das conclusións, cun especial mención as súas contribucións orixinais, recollidas na segunda parte do guión do proxecto. Despois da presentación, o profesorado disporá de uns minutos para formular cantas preguntas consideren oportunas relacionadas co traballo presentado. Tralo tempo de preguntas , emitirán unha valoración da mesma que facilite ao profesor-titor a expedición da cualificación do módulo.

**3.4.- Os proxectos deberán reunir as seguintes características:**

- Serán propostos preferentemente polo alumno e, no seu defecto, polo profesor.
- Deberán adaptarse aos contidos tratados no ciclo formativo de Acondicionamento Físico.

- Deberán entregarse na data establecida, en caso contrario será penalizado no nota cada día tarde.
- A exposición dos proxectos é obrigatoria e terá unha duración mínima de 20 minutos e un máximo de 30 minutos

## 3.5.- PLANILLA DE AVALIACIÓN . PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO FÍSICO DOCUMENTO ESCRITO

Alumno:

Nota Proxecto : NOTA FINAL:

| INDICE | itens | MAL 0,05 | INCOMPL. 0,15 | BIEN 0,25 | NOn PRES. 0 |
|---|---|---|---|---|---|
| **1.- INTRODUCIÓN** | 1.1.- Introdución | | | | |
| | 1.2.- Xustificación | | | | |
| **2.- DATOS BÁSICOS DA EMPRESA** | 2.1.-Datos básicos da empresa de FCT | | | | |
| | 2.2.-Datos básicos dos promotores | | | | |
| | 2.3.- Formas xurídicas da empresa | | | | |
| | 2.4.- Actividades desenroladas pola empresa | | | | |
| **3.- ANÁLISE DO ENTORNO E DO MERCADO** | 3.1.- Análise DAFO da empresa | | | | |
| | 3.2.- Análise do mercado e competencia directa | | | | |
| | 3.3.- Análise requisitos administrativos empresa | | | | |
| **4.- XESTIÓN RECURSOS HUMANOS** | 4.1.- Organigrama da empresa | | | | |
| | 4.2.- Funcións dos cargos | | | | |
| | 4.3.- Horarios da empresa e empregados | | | | |
| **5.- XESTIÓN DE RECURSOS MATERIAIS E INSTALACIÓNS** | 5.1.- Instalacións da empresa | | | | |
| | 5.2.- Inventario do material da empresa | | | | |
| **6.- XESTIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS** | 6.1.- Análise da xestión da empresa | | | | |
| | 6.2.-Análise dos prezos do servizo da empresa | | | | |
| **7.- XESTIÓN DA CALIDADE DO SERVIZO** | 7.1.- Categorías sometidos a control de calidade | | | | |
| | 7.2.- Indicadores de calidade do servizo | | | | |
| | 7.3.- Análise da calidade do servizo | | | | |
| **8.- XESTIÓN DA PROMOCIÓN E MARKETING** | 8,1.- Análise da xestión da promoción e marketing da empresa. | | | | |
| **9.- PROPOSTA DE EVENTO O ACTIVIDADES** | 9.1.- Presentación e xustificación | | | | |
| | 9.2.- Obxectivos do evento/ actividades | | | | |
| | 9.3.- Proposta promoción e marketing | | | | |
| **10.- DESENROLO E XESTIÓN DO EVENTO / ACTIVIDADES** | 10.1.- Obxectivos programados | | | | |
| | 10.2.- Descrición das actividades | | | | |
| | 10.3.- Temporalización ( 0,25 X 2) | | | | |
| | 10.4.- Metodoloxía | | | | |
| | 10.5.- Xestión de instalacións e materiais (0,25X2) | | | | |
| | 10.6.- Xestión de RRHH | | | | |
| | 10.7.- Presuposto do evento / actividades | | | | |
| | 10.8.- Sistemas de control da calidade/avaliación | | | | |
| | 10.9.- Desenrolo de sesións ( 3) | | | | |
| **11.- CONCLUSIÓNS PERSOAIS** | 11.1.- Resumo e conclusións clave | | | | |
| | 11.2.- Proposta de intervención e mellora | | | | |
| **12.- CARTELEIRA/ DÍPTICOS** | 12.1.- Carteleira do evento / actividade | | | | |
| | 12.2.- Díptico do evento / actividade | | | | |
| **13.- BIBLIOGRAFÍA** | | | | | |
| **14.- FORMATO DO TRABALLO** | | | | | |
| **OBSERVACIÓNS:** | | | | | |

### 3.6.- PLANILLA DE AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN . DEFENSA DO PROXECTO

| CATEGORÍA | 1.5 | 1.00 | 0,5 | 0,25 |
|---|---|---|---|---|
| **Contido 1.5** | Bo dominio do tema, non comete erros, non dubida. | Demostra un bo entendemento das partes do tema. Exposición fluída, comete poucos erros. | Ten que facer algunhas rectificacións, e ten dubidas en ocasións | Rectifica continuamente. O contido é mínimo, non mostra un coñecemento do tema. |
| **Organización da información 1,5** | A información está ben organizada, de forma clara e lóxica. | A maior parte da información se organiza de forma clara e lóxica pero algunha diapositiva está fora de lugar. | Non existe un plan claro para organizar a información, certa dispersión. | A información aparece dispersa e pouco organizada. |
| **Exposición 1,5** | Atrae a atención do público e mantén o interese durante toda a exposición. | Interesa bastante no principio pero é un pouco monótono. | Cóstalle conseguir o manter el interese do público. | Apenas usa recursos para manter a atención o público. |
| **Expresión oral 1,5** | Fala claramente durante toda a presentación. A Súa pronunciación é correcta. Ton de voz e adecuado. | Fala claramente durante a maior parte da presentación. Súa pronunciación é aceptable, pero en ocasións realiza pausas innecesarias. Ton de voz é adecuado | Algunhas veces fala claramente durante a presentación. Súa pronunciación é correcta, pero utiliza frecuentemente ao uso de pausas innecesarias. Ton de voz non é o adecuado. | Durante a maior parte da presentación non fala claramente. Súa pronunciación é pobre, ten moitas pausas .Ton de voz non e adecuado para manter o interese. |
| **Linguaxe non Verbal 1,5** | Ten boa postura, e demostra seguridade en si mesmo durante a presentación. Establece contacto visual con todos os presentes. | Ten boa postura a maior parte do tempo e establece contacto visual con todos os presentes. En ocasións se mostra inseguro/a. | Algunhas veces ten boa postura e en ocasións establece contacto visual con todos os presentes. Mostra inseguridade. | .Ten mala postura e non establece contacto visual cos presentes. Mostra gran inseguridade. |
| **Tempo 1.0** | Tempo axustado ao previsto. Ideas principais e redondea a exposición. | Tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado falta de control do tempo. | Tempo non axustado. Exposición excesivamente curta. | Excesivamente largo o insuficiente para desenrolar correctamente o tema |
| **Soporte 1,5** | A exposición se acompaña de soportes visuais especialmente atractivos e de moita calidade (imaxes, vídeos,...) | Soportes visuais adecuados e interesantes (imaxes, vídeos...) | Soportes visuais adecuados pero pouco interesantes (imaxes, vídeos,...) | Soportes visuais inadecuados. |

# 4 Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

| | |
|---|---|
| 1ª fase | Revisión da programación do módulo de proxecto de acondicionamento Físico<br>Explicación do guión de actividades a realizar para elaborar o proxecto e os prazos de presentación, criterios de avaliación , mínimos esixibles , criterios de cualificación e formatos de presentación. |
| 2.- Fase | Recompilación da información referente ao proxecto, análise da empresa do ámbito do acondicionamento físico :<br>• Datos básicos da empresa.<br>• Formas xurídicas da empresas.<br>• Actividades desenvolvidas .<br>• Análise DAFO para empresa e actividade proposta.<br>• Análise dos requisitos administrativos da actividade da empresa.<br>• Xestión de recursos humanos.<br>• Xestión de recursos materiais e instalacións.<br>• Xestión de recursos económicos.<br>• Xestión da calidade do servizo.<br>• Análise da xestión de promoción e marketing |
| 3ª fase | Proposta de actividades de acondicionamento físico ou organización do evento de fitness, hidrocinesia ou actividades dirixidas con hilo musical:<br>• Obxectivo programados<br>• Descrición de actividades e temporalización.<br>• Metodoloxía para o desenrolo de actividades empresariais.<br>• Xestión de instalacións e materiais.<br>• Proposta de actividades<br>• Xestión de recursos humanos<br>• Sistemas de control e avaliación da actividade.<br>• Conclusións<br>• Propostas de intervención e mellora |

# 5 Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

Os alumnos deben realizar una serie de actividades e tarefas para o desenvolvemento do proxecto de Acondicionamento Físico , seguindo o guión deseñado acorde ao currículo do ciclo e o módulo de proxecto de acondicionamento físico.

**1. Introdución**

**1.1**. Introdución.

Na introdución deberase presentar o alumno, a empresa, a súa idea de aplicación dentro da empresa e o documento do proxecto.

**1.2**. Xustificación.

É un resumo da proposta de valor, o alumnado debe argumentar a importancia da súa actividade para os clientes.

**2. Datos básicos da empresa**

**2.1**. Datos básicos da empresa de prácticas.

Nome, descrición, logotipo, lema, localización da empresa de prácticas.

**2.2**. Datos básicos dos promotores da empresa.

Presentación dos responsables da empresa de prácticas (probablemente houbese dificultades nesta situación para acceder a estes datos sen que o alumnado estea realmente nela).

**2.3.** Formas xurídicas establecidas na empresa.

Forma xurídica da empresa coas súas vantaxes e inconvenientes.

**2.4**. Actividades realizadas na empresa (nome, descrición, horario). Relación de actividades deportivas desenvolvidas na empresa.

**3. Análise do medio ambiente e do mercado**

3.1. Análise **DAFO** da empresa e/ou actividade proposta.

Cuadrante e explicación DAFO da empresa ou actividade proposta dentro da empresa (son libres de elixir que DAFO realizar).

3.2. Análise do mercado e da competencia directa.
Definición e análise do sector deportivo e do seu mercado. Análise de empresas competidoras directas.

3.3. Análise dos requisitos administrativos da actividade e/ou empresa. Deberán citar aqueles aspectos burocráticos da constitución da empresa e/ou permisos necesarios para o desenvolvemento das súas actividades dentro da empresa.

**4. Xestión de recursos humanos**

4.1. Organigrama.
Presentarase o organigrama ou organigrama da empresa, que poderá ir acompañado dunha descrición.
4.2. Funcións dos distintos postos.
Presentación das funcións que debe desempeñar na empresa cada un dos postos mencionados no organigrama anterior.
4.3. Horario da empresa e/ou dos traballadores.
Exposición de horarios da empresa e dos traballadores.

**5. Xestión de recursos materiais e instalacións**
5.1. Instalacións da empresa (localización, descrición de espazos e protocolos de seguridade).
Localización da empresa e centro de traballo, planos, descrición dos espazos da instalación da empresa de prácticas.
5.2. Inventario de materiais da empresa.
Preferiblemente clasificados en categorías e mostrados en táboas que enumeran os materiais dos que dispón a empresa. (Debemos ter en conta as posibles dificultades de acceso a estes datos neste momento na avaliación)

**6. Xestión dos recursos económicos**
6.1. Análise da xestión económica da empresa.
Debemos ter en conta que moitos estudantes debido á privacidade dos datos e ás condicións actuais poden ter problemas para acceder a esta información. O apartado consiste en facer un percorrido pola xestión económica da empresa: que, como, quen, cando, onde...
6.2. Análise de prezos dos servizos da empresa.
Análise e valoración dos prezos das actividades da empresa.

**7. Xestión da calidade do servizo**

7.1. Establecemento de categorías ou aspectos que deben ser sometido a control de calidade.

Neste primeiro apartado, solicítanse as categorías de control de calidade: materiais, instalacións, persoal, actividades, mercadotecnia, saúde derivada do Covid.

7.2. Establecemento de indicadores de calidade do servizo na empresa.

Para cada categoría, preferentemente en táboas, deberán establecer indicadores ou afirmacións que definan a calidade desexada pola empresa.

7.3. Análise da calidade do servizo na empresa.

Deberán “examinar” a súa propia empresa, valorando a calidade que ofrecen nos diferentes apartados analizados.

**8. Xestión de promoción e comercialización**

8.1. Análise da xestión de promoción e mercadotecnia da empresa. Estudo da xestión da promoción e comercialización actual da empresa coa súa valoración.

**9. Proposta de eventos ou actividades**

9.1. Presentación e xustificación

9.2. Obxectivos do evento ou das actividades Escribe obxectivos xerais en infinitivo

9.3. Proposta de promoción e comercialización do evento ou proposta de actividade Actividades de promoción do evento ou actividades

**10. Desenvolvemento e xestión do evento ou actividades**

10.1. Goles programados

Obxectivos específicos relacionados coas actividades programadas

10.2. Descrición das actividades programadas

Desenvolver con detalle as actividades que se programaron

10.3. Temporalización

Horario público xeral, mapa,... situado na entrada da instalación para ver actividades, horarios, e o lugar exacto onde se desenvolve. Debería ir un debuxo detallado do plan con actividades para facelo máis accesible aos participantes e publico a distribución das actividades. Calendario xeral de organización interna

10.4. Metodoloxía proposta para o desenvolvemento das actividades

Estratexias e organizacións de traballo que se utilizan no desenvolvemento da programación do evento.

10.5. Xestión de instalacións e materiais para a actividade programada Instalacións: plano detallado de instalacións coas dimensións de cada actividade, entradas, stands, circulación pública, vestiarios, aseos públicos, cafetería,….

Materiais: relación e cantidade de materiais para cada actividade programada.

10.6. Xestión de recursos humanos

Lista de persoal que forma parte do evento. Esta relación de persoal irá acompañada da función detallada de cada un deles, localización precisa na instalación, horario de traballo,

10.7. Orzamento do evento ou actividade
Relación do material necesario para o desenvolvemento da súa actividade e se precisa adquirir material, o seu orzamento. Incluír seguro se é necesario.
Relación detallada por capítulos de todos os gastos do proxecto con cantidade e custo por unidade e total con IVE incluído.
Material de fitness para grupos, material non deportivo, gastos de persoal, gastos de seguro, elemento de continxencia

10.8. Sistemas de control de calidade e avaliación da actividade Elementos fáciles de responder e rápidos.
10.9. Exemplos de aplicación (sesións, mínimo de 3)
Exemplos de sesións completas para o desenvolvemento da actividade.
Este apartado só se presentará no caso de presentar unha proposta de programa de novas actividades no centro de prácticas.

**11. Conclusións persoais**
11.1. Resumo de ideas ou conclusións clave.
Percorrido e presentación das ideas clave e conclusións do proxecto.
11.2. Propostas de intervención e/ou melloras para o futuro

**12. Carteis e dípticos**

**13. Materiais e/ou bibliografía**
- **Referencia bibliográfica**

# 6 Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final

Calendario de titorías presenciais no centro coincidindo coas reunións quincenais da FCT. Para o alumno que realizan o módulo de Proxecto no período de setembro-decembro 2024

| Data | Hora | Lugar |
|---|---|---|
| 11/10/2024 | 10.30 | CIFP FONTECARMOA |
| 25/10/2024 | 10.30 | CIFP FONTECARMOA |
| 8/11/2024 | 10.30 | CIFP FONTECARMOA |
| 22/11/2024 | 10.30 | CIFP FONTECARMOA |

Ademais, para o seguimento ,**os martes de 11,30 h- 12,30 h** pódese facer consultas por vía email, telefónica o calquera canle de comunicación acordado. O alumnado poderá enviar vía email ao titor a traballo realizado semanalmente para ser revisado e remitir posibles correccións.
Neste horario o titor de centro se porá en contacto vía telefónica co titor de empresa cada 15 días para realizar o seguimento do alumno.

## Prazos de recollida de documentación.

| Data | Hora | Entrega documentación | Lugar |
|---|---|---|---|
| 03/12/2024 | 10.30 | • Avaliación individual positiva da FCT<br>• Proxecto de Acondicionamento Físico.( entrega de documento na Aula Virtual) | CIFP FONTECARMOA<br><br>Aula Virtual do Módulo de proxecto de acondicionamento físico, |

- O formato de presentación do proxecto será dun documento entregado na aula virtual para a súa corrección na data fixada.

- A exposición realizarase mediante un powerpoint , Canva, etc. o **10 de decembro do 2024, as 11,30 h** na aula de CS Acondicionamento Físico cunha duración de 30´.
- Convocarase ao alumno por orde alfabético.

# 7 Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación

**Os mínimos esixibles para acadar una avaliación positiva serán os CA especificados**:

- CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.

– CA2.3. Identificáronse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.

– CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.

– CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.

– CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.

– CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.

– CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.

– CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.

– CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.

– CA3.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.

– CA4.1. Definiuse o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.

– CA4.2. Definíronse os indicadores de calidade para realizar a avaliación.

- CA4.5. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.

– CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.

- CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.

– CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.

– CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.

– CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.

**Criterios de cualificación:**

1. O proceso de titorización será continuo ao longo de todo o proceso formativo no que o alumnado estea na súa formación FCT e a o mesmo tempo facer o seu proxecto final.

2. Realización dun traballo seguindo as pautas presentadas pola titora
3. Utilización dunha linguaxe clara e unha correcta e terminoloxía específica.
4. Presentación e estruturación correcta do proxecto. Pertinencia e viabilidade doproxecto.
5. Realización dunha completa revisión bibliográfica.

Para superar o módulo de proxecto de acondicionamento físico, terase en conta:

1. Presentación do proxecto nun documento na aula virtual en tempo e forma previsto. Será preciso superar os mínimos esixibles avaliados cun 50% obxecto de avaliación.

2.- Presentación e defensa do proxecto ante o equipo docente cunha presentación dun powerpoint o Canva no tempo establecido e adecuado ao presentado no proxecto. Contará cun tempo de exposición e preguntas do equipo docente .Cada membro do equipo docente outorgara una puntuación atendendo a rubrica desenrolada para a avaliación da exposición.

.

Os criterios de avaliación deste módulo na súa defensa persoal, serán presentados aos alumnos con anterioridade . Do mesmo xeito se lle presentará un índice para a presentación do seu documento escrito

Non se admitiran entregas fora do prazo, excepto en aqueles casos debidamente xustificados.

Cada alumno deberá presentar un documento escrito e defendelo cunha presentación en powerpoint ou outro formato ante o equipo docente avaliador.
O proxecto de Acondicionamento Físico constará de dúas partes, estando a primeira parte adicada a unha análise da empresa onde se realizan as prácticas e unha segunda parte a unha proposta persoal, que pode ser a organización dun evento de fitness ou a programación anual de 2 actividades (servizos) para incorporalos á oferta da empresa.

| | **Puntuación** | **Porcentaxe da nota final** |
|---|---|---|
| Documento escrito<br>( entrega na AV) | **0-10** | **50%** da nota final do módulo |
| Defensa do proxecto<br>(exposición) | **0-10** | **50%** da nota final do módulo. |

**Valoración de cada apartado do proxecto escrito**

Cada uno dos sub-apartados do documento será valorado utilizando a seguinte escala:

| Valoración | Puntuación | Descrición |
|---|---|---|
| **Ben** | **0,25** | Contesta ao que se lle pide de forma correcta e completa. |
| **Regular** | **0,15** | Contesta ao que se lle pide pero presenta carencias técnicas ou se presenta de forma parcial. |
| **Mal** | **0,05** | Cita aspectos pero no desenrola a totalidade do apartado e o contido está mal en liñas xerais. |
| **Non presentado** | **0** | Omite contestar o apartado e non se presenta. |

**Valoración de cada apartado da exposición/defensa do proxecto**

| Valoración | Puntuación | Descrición |
|---|---|---|
| **Excelente** | **1,5** | Presentación de forma correcta e completa. Mantén o interese, fala claramente, mostra seguridade e soporte visual axeitado. |
| **Satisfactorio** | **1** | Presentación interesante pero monótona, fala claramente e realiza pausas innecesarias, boa postura e mostra inseguridad. Soporte visual axeitado. |
| **Mellorable** | **0,5** | No desenrola a totalidade dos apartado , dificultade para manter a atención, mostra inseguridade, tempo non axustado, soporte visual pouco interesantes. |
| Insuficiente | **0,25** | Pouco dominio do contido, apenas usa recursos, non fala claramente, mostra gran inseguridade, desenrolo insuficiente e soporte visual inadecuado. |

Cada profesor que forma parte do tribunal facilitara unha nota do proxecto escrito e outra da defensa do proxecto, para así poder outorgar a cada alumno unha nota final no módulo.

# 8 Procedementos para avaliar a propia programación

A avaliación da propia programación tratará os seguintes indicadores de logro:

a) Análise e reflexión dos resultados nos diferentes módulos.
b) Adecuación dos materiais e recursos didácticos.
c) Distribución de espazos e tempos.
d) Métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.
e) Adecuación dos resultados de aprendizaxe avaliables.
f) Estratexias e instrumentos de avaliación empregados.

Para realizar o procedemento de avaliación do programación debe atenderse a:

1. Avaliación inicial
2. Avaliación procesual
3. Avaliación de resultados

Estas avaliacións levaranse a cabo dende o punto de vista:

- Dimensión metodoloxía: modelos e métodos de avaliación
- Dimensión operativa: técnicas e instrumentos de recollida de información

O seguimento da programación vaise realizando a medida que se desenvolve o módulo de proxecto. Criterios de valoración da práctica docente:

1. Labor da persoa responsable na elaboración de documentos e reunións de equipo de titorización, para poñer en común procedementos, organización enfoque da titoría.

2. Reunións co alumnado e mecanismos presenciais, por correo electrónico e telefónico da titoría co alumnado.

3. Cumprimento de prazos para a corrección e apoio.

4. Apoio e asesoramento ao alumnado, satisfacción por parte do mesmo do apoio recibido.

5. Organización e coordinación das exposicións e defensas do proxecto.

6. Valoración e cualificación dos proxectos, empregando os instrumentos consensuados.

# 9 Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado

Para a avaliación do módulo profesional do Proxecto teranse en conta os seguintes aspectos:

- Os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación definidos para o módulo profesional titulo correspondente.
- A información recollida polo profesor-titor do proxecto nas xornadas de atención no centro.
- A valoración do proxecto por parte do equipo docente

**Algúns dos aspectos a ter en conta para a elaboración dos traballos**:

Aspectos formais a recordar:

- Texto xustificado
- Interlineado 1,5 puntos
- Marxes marcadas
- Tamaño e fonte de letra. Arial 12
- Non inicie a páxina cunha foto
- Cada imaxe debe ir coa súa lenda en fonte máis pequena e aliñada á esquerda e fóra da imaxe
- Usa cabeceiras e pés de páxina
- Comprobar que a numeración do índice coincide coa do texto.
- Power-point ou outra presentación, non recargar texto, coloca os apartados fundamentais para a defensa do teu proxecto e cun fondo que permita ler o escrito.
- Cartel debe estar en galego (todos), conter a información imprescindible e debidamente distribuído. Orde na parte inferior do cartel de esquerda a dereita primeiros organizadores, patrocinadores e colaboradores